

ACTA 3.: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

XUNTANZA DE SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DO ACORDO. OPE ORDINARIA 2019 E DEMAIS ASUNTOS.

Na dirección xeral da Función Pública do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela reúnense as 16 horas do día 1 de abril de 2019 as persoas que a seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, José Emilio Doforno Guzmán, Jarvier Lareu Rodiño, Delia Irene Martínez Conde, Lino Díaz Goás, Rubén Plaza Martínez, Víctor Gallego Víncent.

O director xeral da Función Pública expón que a comisión de seguimento do acordo de concertación substitúe á comisión de seguimento do acordo do 18 de outubro na que estaba ademais de CCOO e UGT a organización sindical CSIF. Esta última OOSS ao non asinar o acordo de concertación non ten participación na presente comisión.

CRITERIOS INTERPRETACIÓN ACORDO RECOÑECIMIENTO EXTRAORDINARIO DO GRAO I

Primeiro.- Interpretación do artigo 1.

Ante as dúbidas formuladas polo inciso final deste artigo, acórdase a seguinte interpretación:

O recoñecemento extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional debe entenderse como un complemento novo diferente do complemento de destino e do complemento específico, que se suma aos dous complementos anteriores e que incrementa a retribución na contía indicada no Acordo de concertación do emprego público de Galicia.

Segundo.- interpretación do inciso final do artigo 2.a)

“Para estes efectos, tamén serán considerados os cursos da lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de

idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente corpo, escala ou categoría profesional.”

A estes efectos debemos entender que:

Á agrupación profesional se lle computan estudos superiores ao celga 2, ao grupo C 2 estudos superiores ao celga 3 e aos restantes grupos, estudos superiores ao celga 4.

Así mesmo, consideraranse computables a efectos deste recoñecemento extraordinario os certificados que acrediten a validación do corresponde nivel de estudos de lingua galega, de conformidade co disposto no Anexo I da Orde da Consellería de Cultura, Educación e O.U. do 14.02.2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). A modo de exemplo:

a) Aquelas persoas que cursen e superen en Galicia de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos que indica o currículo de educación secundaria obrigatoria ou de FP I (ou, no seu caso, que superasen a materia de lingua galega nas probas libres tendentes a titulación de FP I) e que estean en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP I). Poderá obterse igualmente a validación aínda que se cursou un dos cursos da ESO fose de Galicia, a condición de que este non sexa o último; en todo caso, haberá que cursar e aprobar a materia de lingua galega nos demais cursos e estar en posesión do título respectivo..

Terceiro.- Interpretación do artigo 2.a)

Debemos entender que ao computar como formación cursos impartidos por unha consellería, tamén deben computarse os cursos impartidos por calquera Ministerio da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, os cursos impartidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística consideraranse como impartidos por unha Consellería da Xunta de Galicia.

Cuarto.- Interpretación do artigo 2.d) d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.

Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpre con este criterios aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior.

Informouse, ademais dos seguintes temas:

- Estado da OEP ordinaria da Xunta de Galicia ano 2019 para aprobar antes de finalización do mes de Marzo e que xa foi enviada á mesa xeral. Estado tamén da parte derivada da Lei 17 que está incluída tamén no envío a Mesa Xeral.
- Estado do Decreto de funcionarización do que se aportará un borrador para negociación sindical, na segunda quincena de abril ou primeira de maio, xunto co anexo incluído no mesmo de categorías a funcionarizar que xa o teñen todas as OOSS con representación na Mesa Xeral.
- Infórmase sobre a carreira profesional da que máis de 8000 funcionarios e máis de 2700 laborais cumpren os requisitos para poder percibir este complemento segundo os actuais datos da dirección xeral da función pública. (os/as que a houberan solicitado antes do 10 de abril poderían seguramente percibila coa nómina deste mes).
- Infórmase sobre a funcionarización e os traballos da dirección xeral na confección das cuestións tipo test para publicar proximamente para coñecemento dos interesados na funcionarización.


Remata a sesión as dezaoito horas trinta minutos do día un de abril de 2019.

Presidente da Comisión de Seguimento

O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública

Subdirector xeral de RRXX e RRL



Asdo.: José María Barreiro Díaz



Víctor Gallego Víncent